

Taller Vila de Cruces:

Imparte: Antía Otero

Sinopse: Tendo en conta as edades dos rapaces e rapazas que participarán neste obradoiro, apoiarémonos máis que nunca na Historia da Arte e no traballo con imaxes, empregándoas como fío que nos acheguen á creación literaria.

PRIMEIRA SESIÓN: MIRADAS

1.- Introducción

a) Xeitos de mirar: A mirada do público / Contemplantar sen pestanexar / Imaxinar = ver como se eu estivese alí / Ver - percorrer - intervir / Ver máis aló da aparencia visual / Negarse a mirar

b) Texto de John Berger.....Análise do texto (tema: percepción)

c) Traballo de investigación e descodificación das miradas dirixidas a un mesmo tema a partir de diferentes imaxes e soportes.

Egon Schiele (1882- 1918) en tres soportes:

- 1.- Imaxes de diferentes desnudos pintados por Egon Schiele.....a mirada do artista
- 2.- Texto de Schiele en prisión.....a mirada do artista truncada
- 3.- Poema de Zoe Valdes sobre Egon Schiele.....a visión de outros sobre o artista

d) Primeira sesión de traballo: A través de diferentes fotografías de retrato onde se proxectan diferentes “xeitos de mirar”, o alumno elaborará situacións e contextos nos que se atope o personaxe. Por que mira así?

SEGUNDA SESIÓN: A HABITACIÓN DE VAN GOGH

1) A habitación de Van Gogh en Arles simboliza a paz trala desorde da súa vida anterior. É esa impresión de quietude a que o pintor quixo reflectir nesta obra.

- a) A habitación de Van Gogh. Traballo contínuo coa imaxe
- b) Creamos para expresar o que nos move por dentro
- c) Da copia á creación
- d) Do tradicional ao contemporáneo
- e) A mirada distorsionada

f) creación de poema colectivo a partir de sustantivos e adxetivos

2) A habitación dun hotel

a) proposta de traballos de creación: a habitación de hotel.

A partir dun espazo alleo, construír unha historia basándonos en imaxes de habitacións de hoteis de todo o mundo

TERCEIRA SESIÓN: DADAISMO

1) Introducción ao Dadaísmo:

A ruptura con todo o anterior,
Zürich e EEUU,
O cabaret Voltaire,
as sesións nocturnas,
os manifestos de Tristan Tzara,
o collage de Max Ernst,
a Nada

2) A través da Receita de Tristán Tzara “para facer un poema dadaísta” construiremos poemas evitando os soportes tradicionais.

CUARTA SESIÓN: SURREALISMO

1) introducción ao Surrealismo:

A ruptura de Tzara con Bretón,
O azar, a beleza,
o surrealismo de Marcel Duchamp, Dalí e Eugenio Granell,
a importancia dos obxectos, os ready-mades,

a escritura automática,
os cadáveres exquisitos

2) Buscar influencias do surrealismo a través da letura de diferentes textos de poetas galegos. A descontextualización do obxecto e a produción de imaxes baseadas no azar

3) Traballo coletivo. Construcción de un cadáver exquisito.

QUINTA SESIÓN: DA MUSA Á POETA

1) O poeta e a musa..... ¿pero aínda existe isto?

2) A ÚLTIMA MUSA: Gala

3) Mulleres poetas: entre a pel e a carauta. ¿cal é o porque do suicidio?: Sylvia Plath, Anne Sexton, Virginia Woolf, Unica Zürn...

4) Mulleres poetas na Galiza. Poesía como arma arreboladiza. ¿Poesía feminina ou poesía escrita por mulleres?.

5) Proposta de traballo. A partir de imaxes de Eduard Hopper traballaremos a mirada como ferramenta básica para crear.

O poeta ha de ser un mirón. Qué fan os personaxes?, que remataron de facer?, onde viven?, que pensan?, por que pensan así?, que foi o que sucedeu?, que está aínda por ser?....

Xuño de 2006.

Antía Otero.